

IV CERTAME FILOSÓFICO: REPENSAR O AMOR

BASES XERAIS

- O concurso vai dirixido ao alumnado matriculado no IES Pedra de Auga, no IES Val do Tea e no IES do Barral. Haberá dúas modalidades de participación:
 - ➔ Modalidade A: ENSAIO. Nesta modalidade, trátase de construír un ensaio PROPIO e ORIXINAL sobre o amor revisando algúns dos mitos que circulan na nosa sociedade sobre este sentimento e/ou aportando novos enfoques de comprensión de dito fenómeno na actualidade.
 - ➔ Modalidade B: IMAXE + LEMA. Nestoutra modalidade, o/a concursante presentará ou ben unha FOTOGRAFÍA FEITA POR EL/ELA MESMO/A ou ben unha ILUSTRACIÓN DE ELABORACIÓN PROPIA (en ningún caso se aceptarán imaxes descargadas) que recolla algún aspecto relacionado co amor e acompañará a imaxe dunha FRASE BREVE que lle dea voz ou a explique e que convide á reflexión.
- En cada unha desas modalidades, estableceranse catro seccións de concorrencia ao concurso correspondentes ao NIVEL académico do alumnado, a saber: ESO, BACHARELATO, ESA ou CICLOS FORMATIVOS.

ASPECTOS FORMAIS DOS TRABALLOS E TEMPOS

- 1) Os traballos presentaranse en SOBRE PECHADO TAMAÑO DIN A3 e baixo pseudónimo. O PSEUDÓNIMO elixido deberá ser o NOME DUN/DUNHA FILÓSOFO/A OU ESCRITOR/A SEGUIDO DUN NÚMERO DE CINCO CIFRAS. O sobre que conteña o traballo deberá ter escrito por fóra soamente o pseudónimo escollido, a MODALIDADE de participación (A ou B segundo corresponda) e o NIVEL académico de procedencia do/da alumno/a (ESO, Bacharelato, ESA ou ciclos formativos).
- 2) Dentro do sobre irá o traballo xunto con outro SOBRE PECHADO MÁIS PEQUENO que conterá no seu interior un papel co NOME REAL do/a autor/a do traballo.
- 3) Cada persoa pode presentar UN ÚNICO TRABALLO POR CADA UNHA DAS DÚAS MODALIDADES de participación (A e B); é dicir, pode presentar só un ensaio e só unha imaxe acompañada dun lema. En todo caso, CONCORRER A UNHA DAS MODALIDADES NON OBRIGA A CONCORRER Á OUTRA.
- 4) Na modalidade A, o ENSAIO deberá estar escrito A ORDENADOR, en letra tipo ARIAL, TAMAÑO 12, ESPAZO 1,5 e terá unha EXTENSIÓN MÁXIMA de TRES PÁXINAS (por unha soa cara) e unha EXTENSIÓN MÍNIMA de MEDIA CARA. Na modalidade B, o LEMA que acompañe a imaxe poderá estar A ORDENADOR OU MANUSCRITO e terá unha EXTENSIÓN DE ENTRE UNHA E VINTE PALABRAS.

- 5) Os traballos deixaranse na CAIXA habilitada para tal efecto na CONSERXARÍA DO CENTRO ao que o/a alumno/a pertenza.
- 6) A ENTREGA dos traballos realizarase a partir do XOVES 8 DE FEBREIRO (incluído) ATA o VENRES 1 DE MARZO ás 14.25 horas, momento en que o xurado retirará as caixas das conserxarías para comezar a valorar os traballos.
- 7) A PUBLICACIÓN DAS PERSOAS GAÑADORAS, xunto coa ENTREGA DE PREMIOS, terá lugar o XOVES 7 DE MARZO na biblioteca do IES Pedra de Auga ás 11.15 horas.

XURADO

Estará composto polos MEMBROS DOS DEPARTAMENTOS DE FILOSOFÍA do IES Pedra de Auga, do IES Val do Tea e do IES do Barral, que valorarán os traballos presentados de acordo cos seguintes CRITERIOS: orixinalidade, profundidade, impacto, potencial crítico, corrección gramatical e ortográfica no ensaio ou no lema e, no caso dos ensaios, conexión interna dos asuntos abordados e retórica.

PREMIOS

Concederanse un total de 8 premios, un por cada nivel (ESO, Bacharelato, ESA e ciclos formativos) para cada unha das dúas modalidades (A e B). En todos os casos, o premio consistirá nun LIBRO e nun VALE DE 30 EUROS para investir nunha tenda deportiva da comarca.